

## PSOE e BNG presentan uns orzamentos discriminatorios para Marín

O goberno da Xunta apresentou os orzamentos para o ano 2006. Cando os cidadáns confiabamos nun cambio na dinámica, o PSOE e o BNG veñen decepcionarnos cunhas propostas calcadas ás do ano pasado. Como xa era tradicional nos orzamentos do PP as inversións para Marín son o auditorio e a circunvalación.

Todas as xuntanzas que efectuaron o alcalde e os concelleiros do equipo de goberno municipal parece que non serviron de moito, e so recibiron promesas por parte dos responsábeis políticos autonómicos. **A Xunta do PSOE e do BNG da o mesmo tratamento que historicamente veu dando o PP a Marín.** O *talante* e o *sentidiño* son unicamente propaganda que non se aplica á hora de gobernar e distribuír os cartos públicos.

Un ano máis temos que salir publicamente a manifestar o noso rexeitamento a uns orzamentos que esquecen a débeda que ten a Xunta de Galiza con Marín, un povo esquecido nos últimos exercicios. Os únicos agasallos que nos fixeron os gobernos do PP foron o inicio das obras da circunvalación pero sen determinar o seu remate e o seu trazado, e un *apeadero* que nos quixeron vender como estación de autobuses.

O que lamentamos é que desta vez non imos coincidir nas críticas co BNG e o PSOE. Se os

primeiros afirmaban o ano pasado que os orzamentos eran negativos e que non se tiñan en conta as necesidades fundamentais da comarca e que o PP facía unha utilización clientelar e arbitraria dos mesmos, os segundos denunciaban a falla de obras fundamentais e anunciaban emendas para que Marín tivera máis inversións. Este ano son eles os culpábeis de que a nosa vila continúe na dinámica de sempre e se vexa privada do que nos corresponden como cidadáns galegos. Qué nos van vender agora?

**Tan só demandamos que se nos de un trato xusto e equitativo**, similar ao resto das vilas do noso entorno e en consonancia co número de habitantes que ten o noso concello. Pedimoslle a este goberno, como lle pedimos ao anterior e lle pediremos ao que veña, que non se teña en conta a cor política de quen goberna en cada momento á hora de repartir os cartos públicos, e que no debate no parlamento galego se teñan en conta as necesidades reais de Marín.



## Diriximonos a Touriño para reivindicar maiores inversións en Marín

Enviamos unha carta ao Presidente da Xunta de Galiza, o Sr. Touriño, para lembrarlle algunhas das necesidades históricas, reivindicadas dunha forma ou doutra polos distintos colectivos e asociacións da nosa vila, como son:

- > A construción dun novo Centro de saúde
- > A construción dunha nova biblioteca, petición efectuada recentemente pola concelleira delegada de cultura ante a Consellería de Cultura.
- > A construción do pavillón de Seixo.
- > A protección e posta en valor do amplo patrimonio arqueolóxico que temos en Marín, e no Morrazo.

- > O saneamento integral do rural, a segunda fase no Campo xa é unha promesa en firme do Conselleiro de Medio Ambiente e esperamos que a cumpra.
- > A construción das tan necesarias vivendas sociais.
- > A mellora das vías de comunicación do morrazo que melloren a comunicación interna da nosa comarca, non so a construción de vías de alta capacidade para os turistas.
- > O proxecto de beirarrúas de Mogor e Seixo que xa tiña que estar feito.
- > Unha nova gardería para os nenos.
- > Un centro de día para os maiores.

## O hospital militar da Escola Naval para uso civil

O Colectivo Nacionalista dirixiuse ao Concello e á Consellería de Sanidade demandando unha intervención das administracións para integrar o hospital da Escola Naval na rede asistencial do Sergas



Recentemente a Conselleira de Sanidade anunciaba a sinatura do convenio coa Armada para a utilización conxunta do Hospital Militar de Ferrol. Mentras en Marín contamos cunhas instalacións ás que non se lle está dando nengun uso coñecido e que poderían servir para paliar o déficit sanitario da área norte da provincia de Pontevedra.

En febreiro do ano pasado xa nos diriximos á Consellería de Sanidade e ao Concello de Marín demandando que se iniciaran as xestións entre as administracións implicadas para darlle un uso civil ao hospital da Escola Naval e a súa utilización por parte do Sergas. **A Plataforma polo uso civil do hospital entregou máis de 3000 sinaturas de cidadáns de Marín e Bueu** na delegación de sanidade e nos distintos concellos, quedando ben explícito o apoio popular a esta demanda.

## A situación sanitaria na provincia de Pontevedra necesita solucións.

Informacións aparecidas recentemente en diversos medios de comunicación sobre a situación sanitaria na provincia de Pontevedra, e concretamente a Área Norte na que está incluída Marín, poñen de manifesto o deficiente nivel de equipamentos e instalacións. Pontevedra sitúase en 3,21 camas por cada 1000 habitantes cando a media estatal está en 3,59 e a Organización Mundial da Saude recomende entre 8 e 10 camas. A isto temos que engadir que só o 70% da oferta corresponde á sanidade pública, estando cuberto outro 30% por empresas privadas. Estimase que farían falla unhas 300 camas para achegarse á media estatal.

# A emigración non é un delito, papeis para todos

**No cumio hispano-marroquí celebrado a finais de setembro o goberno do estado español conseguiu, a cambio dunha lista de acordos económicos a favor do reino alauita, o seu obxectivo de que Marrocos participe máis activamente no control da inmigración.**

Estes acordos que resucitan o convenio de repatriación de 1992 significan a sentenza de morte para moitos inmigrantes subsaharianos que cada día intentan saltar o valado da hipocresía capitalista. Estes/as inmigrantes son devotos a Marrocos sen ningún tipo de orde xudicial e sen pasar ningún tipo de recoñecemento médico incumprindo a actual lei de estranxeiría.

Os inmigrantes subsaharianos detidos en territorio marroquí e devotos polo estado español son conducidos malferidos polas autoridades deste país até o deserto para logo ser abandonados alí a súa sorte sen comida nin auga.

O goberno español, do talante Zapatero, felicita-se polos resultados destes acordos, mentres que a poboación asiste a este espectáculo dantesco asombrada sen dar crédito a tal xeito de actuar por parte dun goberno chamado progresista.

O camiño seguido polo PSOE conduce-nos a unha Europa fortaleza onde só poden entrar os cartos mentres que as persoas empobrecidas carecen de valor algún e teñen prohibido o paso. Para aquelas poucas persoas que consigan alcanzar esta Europa o futuro que lles agarda é a explotación máis despiadada por



parte da mesma clase capitalista responsable da súa persecución.

Facer máis altos os valados ou poñer máis control nas fronteiras non vai deter a enorme masa de xente que está a agardar unha oportunidade para entrar na Europa, o único que vai provocar son máis mortes e máis sufrimento. Polo tanto Europa ten que buscar solucións nos países de procedencia destes inmigrantes, impulsando iniciativas que favorezan un desenvolvemento máis solidario e social para que estas persoas non teñan que abandonar os seus fogares.

## I SEMANA DO MOBLE SOLIDARIO

AXUDA AO CONCELLO DE MARÍN

Solidariza-te, doa cadeiras e mesas para a biblioteca municipal

A incompetencia do Goberno Municipal fai que non se poida disfrutar de Internet na Biblioteca polo fallo do mobiliario necesario. Ao mesmo tempo que na aula de estudo @s veci@s temos que estar sentad@s en cadeiras de praia como se estivésemos nun dirruggu. SOLUCIÓNS XA!!!

www.colectivo.tk    cnmarin@mixmail.com

## Demandamos Internet na Biblioteca de Marín

O Colectivo Nacionalista organizou unha campaña para demandar a instalación dos tres ordenadores cedidos pola Xunta para dar servizo de acceso público a internet. A escusa do concello era que non tiñan cartos para mercar unhas mesas onde colocalos. Hoxe xa está en servizo un, esperamos polo resto!